

Táboa de contidos: Webmin e Apache


- [1 Instalar o servizo](#)
- [2 Publicación de páxinas no servidor](#)
- [3 Configuración básica do servidor Apache](#)
- [4 Personalización do servidor web](#)
- [5 Control de acceso ás páxinas do servidor](#)
 - [5.1 Restricción por usuarios](#)
 - [5.2 Restricción por máquinas](#)
- [6 Configurar o servizo web seguro con Openssl](#)


Instalar o servizo

- O servidor web **apache** é un servizo que conta con un gran número de módulos que incrementan a súa funcionalidade. Hai módulos para distintos tipos de autenticación, soporte de linguaxes de programación como perl ou php, comunicación segura, etc.
- No noso caso, ademais do módulo base instalaremos o módulo para soporte de **php** e o módulo **ssl** para conexións seguras.
- Para arrancar o apache teremos que lanzar o servizo **httpd** (*http daemon*).
- Podemos probar que o servizo funciona abrindo cun navegador o enderezo **http://localhost**

Publicación de páxinas no servidor

- Normalmente, o cartafol por defecto para almacenar as páxinas en apache é **/var/www/html**.
- Polo tanto, para publicar páxinas no servidor simplemente teremos que copialas a este cartafol:





NOTA: Por defecto só o usuario *root* ten permiso para poder escribir documentos nesta carpeta.

Configuración básica do servidor Apache

- O módulo *Servidor Web Apache* do webmin que atopamos na categoría de *Servidores* permite configurar a maioría dos parámetros da configuración do servidor.
- Na páxina inicial do módulo distínguense dous apartados principais:

Configuración Global



- As opcións máis útiles son:
 - **Redes y Direcciones:** Podemos configurar aquí en que portos escoita o servidor web.
 - **Archivos de Opciones de Por-Directorio:** En Apache podemos configurar as restriccións de acceso e opcións de cada directorio do servidor web gardando neles uns ficheiros (*.htaccess*), con directivas determinadas. Dende esta utilidade podemos editar e crear este tipo de ficheiros.
 - **Editar Archivos de Configuración:** Dende esta opción podemos editar directamente os ficheiros de configuración do servidor web apache.

Servidores Virtuales

Seleccionar todo. | Invertir selección.



Servidor por Defecto

Define las opciones por defecto para todos los otros servidores virtuales y procesa cualquier requerimiento no manejado.

Dirección Cualquiera

Nombre del Servidor Automático

Puerto Cualquiera

Raíz para Documentos /var/www/html



Servidor Virtual

Procesa todos los requerimientos en el puerto 443 no manejados por otros servidores virtuales

Dirección Cualquiera

Nombre del Servidor Automático

Puerto 443

Raíz para Documentos /var/www/html

Seleccionar todo. | Invertir selección.

Delete Selected Servers

Crear un Nuevo Servidor Virtual

Manejar conexiones para direccionar Aquellas no manejadas por otro servidor
 Cualquier dirección
 Dirección específica ..

Añadir dirección de servidor virtual de nombres (si es necesario)
 Escuchar en dirección (si es necesario)

Puerto Por defecto Cualquiera

Raíz para Documentos ...
 Permitir acceso a este directorio

Nombre del Servidor Automático

Agregar servidor virtual a archivo Archivo httpd.conf estándar
 Archivo seleccionado.. ...

Copiar directivas desde

- Neste segundo apartado podemos crear e editar **servidores virtuais** no noso servidor web.
- Os servidores virtuais simulan distintos servidores web (cada un pode ter unha configuración totalmente distinta, incluso un directorio de documentos raíz de documentos diferentes) sobre un mesmo servidor real, e actuará un ou outro dependendo dalgún criterio na conexión de entrada, que pode ser:
 - En función do número de porto de destino (O servidor web ten que escoitar en varios portos).
 - En función da dirección IP de destino (O servidor web ten que ter varias direccións IP).
 - En función do nome de DNS da cabeceira da petición (O servidor web ten que ter varios nomes DNS).
- Unha vez creados, podemos picar nun servidor virtual para acceder á súa configuración, e podemos configurar parámetros como cal é o directorio raíz de documentos, cales deben ser as páxinas de erro, etc.

- Por defecto, veremos xa dous servidores virtuais, que son o servidor por defecto, que manexa as conexións polo porto 80, e o servidor virtual seguro, que manexa as peticións recibidas polo porto 443 (peticións *https*).

Personalización do servidor web

Imos destacar as opcións máis importantes de personalización do comportamento do servidor web. Estas opcións poden establecerse para o servidor virtual ou para un directorio concreto do servidor:

- **Establecer os ficheiros índices do directorio:** Dentro da opción de **Indizado de Directorio** podemos establecer que páxinas se mostran por defecto cando o usuario só introduce o nome dun directorio. Por exemplo, no seguinte caso estamos poñendo estas páxinas como predeterminadas:




- **Mostrar listado dos ficheiros do directorio:** En caso de que o usuario non indique o nome de ningún ficheiro e non haxa unha páxina de índice, podemos establecer que se mostre o listado de ficheiros dese directorio. Para facelo, dentro de **Opciones de Documento** activaremos a opción de **Generar índices de directorio**:

| Opciones de Documento para Directory /var/www/html | | | |
|--|--|--|--|
| Opciones <input type="radio"/> Por defecto <input checked="" type="radio"/> Seleccionado debajo... | | | |
| de directorio | Opción | Configurar para el directorio | Combinar con el padre |
| | Ejecutar programas CGI | <input type="radio"/> SI <input checked="" type="radio"/> No | <input type="radio"/> Activar <input type="radio"/> Desactivar |
| | Seguir enlaces simbólicos | <input checked="" type="radio"/> SI <input type="radio"/> No | <input type="radio"/> Activar <input type="radio"/> Desactivar |
| | Inclusiones y ejecuciones del lado del servidor | <input type="radio"/> SI <input checked="" type="radio"/> No | <input type="radio"/> Activar <input type="radio"/> Desactivar |
| | Inclusiones del lado del servidor | <input type="radio"/> SI <input checked="" type="radio"/> No | <input type="radio"/> Activar <input type="radio"/> Desactivar |
| | Generar índices de directorio | <input checked="" type="radio"/> SI <input type="radio"/> No | <input type="radio"/> Activar <input type="radio"/> Desactivar |
| | Generar multivistas | <input checked="" type="radio"/> SI <input type="radio"/> No | <input type="radio"/> Activar <input type="radio"/> Desactivar |
| | Seguir enlaces simbólicos si el propietario coincide | <input type="radio"/> SI <input checked="" type="radio"/> No | <input type="radio"/> Activar <input type="radio"/> Desactivar |



- **Personalizar as páxinas de erro:** Outro aspecto interesante para personalizar son as páxinas de erro que devolve o servidor cando unha páxina non se atopa, ocorre un erro interno, etc. Picaremos en **Manejo de Errores**:

| Manejo de Errores para servidor por defecto | | | |
|---|-----------------|---|--|
| Respuestas a errores personalizadas | Código de error | Respuesta | URL o mensaje |
| | 400 | <input type="radio"/> Ir a URL... <input type="radio"/> Mostrar mensaje... | /error/HTTP_BAD_REQUEST.html.var |
| | 401 | <input type="radio"/> Ir a URL... <input type="radio"/> Mostrar mensaje... | /error/HTTP_UNAUTHORIZED.html.var |
| | 403 | <input type="radio"/> Ir a URL... <input type="radio"/> Mostrar mensaje... | /error/HTTP_FORBIDDEN.html.var |
| | 404 | <input type="radio"/> Ir a URL... <input checked="" type="radio"/> Mostrar mensaje... | A Paxina solicitada non existe no servidor |



A Paxina solicitada non existe no servidor

Control de acceso ás páxinas do servidor

- Dentro da configuración do servidor virtual, podemos definir **Opcións de Por-Directorio** con restricións ou configuracións particulares para certos directorios do servidor:

Opciones de Por-Directorio



- Entre as opcións que podemos definir para un directorio, está a de **Control de acceso**, que basicamente nos permitirá introducir dous tipos de restriccións:

Restricción por usuarios

- Podemos establecer que para acceder a este directorio o servidor requira autenticación de usuarios, de forma que só os usuarios válidos poderán entrar.
- O máis simple é definir os usuarios nun ficheiro de texto, aínda que apache dispón de módulos para tomar os usuarios de distintas fontes, como unha base de datos ou un servidor LDAP.
- Introducimos os datos fundamentais, que serán:
 - **Nome para o ámbito** que imos restrinxir: Meramente informativo, para que apareza cando se lle solicite a autenticación ao usuario.
 - **Tipo de Autenticación:** *Basic* é o tipo de autenticación máis utilizado, aínda que ten como inconveniente que a clave do usuario se envía en claro pola rede. O método *Digest* envía a clave cifrada, pero non todos os navegadores o soportan.
 - **Usuarios permitidos:** poñemos o login dos usuarios que poden acceder a este directorio.
 - **Ficheiro de usuarios:** Introducimos onde queremos que se almacene o ficheiro de texto que conterá os usuarios de apache. É importante que non estea accesible dende os clientes a través do servidor web.

Indice de Módulo Arrancar Apache

Control de Acceso

Para Directory `/var/www/html/proba` en servidor por defecto

Control de Acceso para Directory `/var/www/html/proba`

| | |
|--|--|
| <p>Nombre de ámbito de autenticación <input type="radio"/> Por defecto <input checked="" type="radio"/> <input type="text" value="Zona privada"/></p> <p>Restringir acceso por login <input type="radio"/> Defecto <input checked="" type="radio"/> Sólo estos usuarios: <input type="text" value="autorizado"/> <input type="radio"/> Sólo estos grupos: <input type="text"/> <input type="radio"/> Todos los usuarios válidos <input type="radio"/> File owner matches <input type="radio"/> Group owner matches</p> <p>Pass basic login failures to next module? <input type="radio"/> Si <input type="radio"/> No <input checked="" type="radio"/> Defecto</p> <p>Hashing algorithm <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input checked="" type="radio"/> Defecto</p> <p>Digest login user file types <input type="text" value="Text file"/> <input type="text" value="DBM database"/></p> <p>Archivo de texto de usuario <input type="radio"/> Defecto <input checked="" type="radio"/> <input type="text" value="/var/www/usuarios"/> <input type="button" value="..."/></p> | <p>Tipo de Autenticación <input type="text" value="Basic"/></p> <p>Los clientes deben satisfacer <input checked="" type="radio"/> Por defecto <input type="radio"/> Todos los controles de <input type="radio"/> Cualquier control de ac</p> <p>Basic login user file types <input type="text" value="Text file"/> <input type="text" value="DBM database"/></p> <p>Pass digest login failures to next module? <input type="radio"/> Si <input type="radio"/> No <input checked="" type="radio"/> Defecto</p> |
|--|--|

- Se volvemos a entrar na opción de **Control de acceso** poderemos introducir os nome de usuarios e claves no ficheiro de usuarios:

Archivo de texto de usuario Defecto [Editar usuarios](#)

Indice de Módulo Lista de Usuarios

En archivo `/var/www/usuarios`

No hay usuarios en archivo de texto `/var/www/usuarios`

[Añadir nuevo usuario](#)

Las opciones de debajo permiten configurar Webmin para que automáticamente añada, actualice o borre a un usuario de este archivo de claves de acceso cuando un usuario es añadido, modificado o borrado en el módulo de Usuarios y Grupos.

Añadir el usuario cuando se añada el de Unix
 Cambiar el usuario cuando se cambie el de Unix
 Borrar el usuario cuando se borre el de Unix

[← Regresar a control de acceso](#)

Indice de Módulo Crear Usuario
En archivo /var/www/usuarios

Crear Usuario

Nombre de Usuario

Contraseña Encriptado.. Texto plano..

[← Regresar a lista de usuarios](#)

- Se intentamos acceder á este directorio dende un navegador, este solicitará que nos autentifiquemos:

Identificación requerida

Introduzca usuario y contraseña para "Zona privada" en http://localhost

Nombre de usuario:

Contraseña:

Use el administrador de contraseñas para recordar esta contraseña.

Restricción por máquinas

- Tamén podemos establecer no mesmo sitio restricciones por máquinas, indicando dende que máquinas se pode ou se denega o acceso ao cartafol:


Restringir acceso Orden de chequeo de acceso: Denegar y luego permitir Permitir y luego denegar Fallo mutuo Por

| Acción | Condición |
|---------|--|
| Denegar | Requerimientos desde IP... 192.168.0.2 |

DBM group

database type

- Esta é a páxina que se obtén ao intentar acceder dende a máquina denegada:



¡Acceso prohibido!

Usted no tiene permiso de acceder al objeto solicitado. Existe la posibilidad de que este protegido contra lectura o que no haya podido ser leído por el servidor.

Por favor contacte con el [webmaster](#) en caso de que usted crea que existe un error en el servidor.

Error 403

[192.168.0.1](#)

Apache/2.2.4 (Mandriva Linux/PREFORK-6.1mdv2007.1)

Configurar o servizo web seguro con Openssl

- Instalando o módulo de apache para ssl, xa temos automaticamente un servidor virtual que atende peticións seguras por *https* no porto 443.